

o primeiro espectáculo de **Matrioshka** ✨ con dramaturxia e dirección de **Marta Pazos**



c'est la vie

Actúan ♡ Anabell Gago, Lorena Conde e Chelo do Rejo
Dirección e dramaturxia ♡ Marta Pazos
Texto ♡ Matrioshka Teatro
Deseño de vestuario e coreografía ♡ Uxía P. Vaello
Xastra ♡ Cloti Vaello
Escenografía e Atrezzo ♡ Maraña
Maquillaxe e Perruquería ♡ Trini F. Silva
Iluminación e Son ♡ Javier Quintana
Fotografía ♡ Inés Salvado
Realización e edición de vídeo ♡ Emilio Carral
Deseño ♡ Maraña
Produción ♡ Matrioshka Teatro
Distribución ♡ Culturactiva

c'est la vie é un espectáculo dirixido a público
a partir de 14 anos e a súa duración aproximada
é de 60 minutos

c'est la vie estreouse o 9 de marzo de 2013
no Teatro Principal da Estrada, Pontevedra





¶ C'est la vie

é vida condensada.

Unha reflexión intensa e caleidoscópica sobre o tempo e os seus rastros. **Matrioshka** tende aquí fíos entre a sorpresa de recoñecerse nese segundo que nos cambia a vida e a excitación de comprender que as horas se aceleran proporcionalmente á velocidade do corazón.



Ensamblada peza a peza coma un delicado mecanismo de relojería, mimada ata o máis mínimo detalle para lograr que o espectador se erga da butaca sentíndose tocado por unha brisa fresca e evocadora, **C'est la vie** ten o poder de arrastrar a quen a ve a un universo inesperado e fascinante.





‡ matrioshka

nace no momento no que Anabell Gago e Lorena Conde, que xa traballaran xuntas en diversos espectáculos, deciden emprender a aventura de montar unha compañía coa que poder trazar as liñas fundamentais para realizar o teatro que elas mesmas desexaban ver como espectadoras: pezas contemporáneas, valentes, fermosas, imaxinativas, poéticas, lúdicas e directas.

A esta aventura, arriscada e necesaria, fóronse sumando con entusiasmo persoas talentosas e inxeridas da altura de Marta Pazos, Chelo do Rejo, Uxía P. Vaello, Javier Quintana, Inés Salvado, Cloti Vaello, Trini F. Silva ou Emilio Carral; completando así un equipo desexoso de dar á escena pezas que atrapen, sorprendan e emocionen ao público.

E nesas andan...



matrioshka: <http://matrioshkateatro.wix.com/matrioshka>



contacto:

info@culturactiva.org / 600 304 613
matrioshkateatro@gmail.com / 654 598 430

